



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 – 15165 Bergondo (A Coruña) • www.bergondo.es • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Asunto: información sobre a “Campaña de esquí 2018” da Deputación da Coruña.

Estimado/a veciño/a:

Póñome en contacto con vostede para informarlle da “Campaña de esquí 2018” que organiza a Deputación da Coruña. As características desta actividade serán as seguintes:

LUGAR: Estación Invernal de CABEZA DE MANZANEDA.

CARACTERÍSTICAS: Os/as participantes gozarán de catro días na estación invernal de Cabeza de Manzaneda, ademais dos cursos de esquí.

A Deputación asume a maior parte dos gastos ocasionados polos campaña: transporte dende os puntos de recollida en cabeceiras de comarca, estadía e manutención na estación invernal, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento de material, remontes mecánicos fortaits e todo o gasto que ocasionen as actividades e cursos programados.

DATAS: Do 23 ao 26 de febreiro (3ª quenda)

DESTINATARIOS: rapaces/zas nados nos anos 2002, 2003, 2004,2005 e 2006

COTA: 85 €.

PRAZO DE PREINSCRICIÓN: ata o martes 16 de xaneiro, entregando por rexistro de entrada a ficha de preinscrición.

PRAZAS DO CONCELLO DE BERGONDO: 4

No caso de recibir máis solicitudes que prazas concedidas, farase un sorteo público, onde terán prioridade:

- Os/as rapaces/zas que non foran a ningunha campaña da neve da Deputación.
- Os/as empadroados/as no concello de Bergondo.

Reciba un cordial saúdo,

Bergondo, 8 de Xaneiro de 2018

A concelleira delegada de cultura, ensino e deporte.


Patricia Vázquez Figueroa